



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN), como promotora da Civil UAVs Initiative, quere informarte de que está aberta a convocatoria 2016 do **programa europeo SESAR 2020 INVESTIGACIÓN EXPLORATORIA E DEMOSTRACIONES A MOI GRANDE ESCALA**, dotado con **28 millóns de euros**. O programa SESAR, dentro de Horizonte2020, coordina todos os esforzos de investigación, desenvolvemento e innovación na UE no ámbito da modernización do sistema europeo de xestión do tráfico aéreo (ATM).

Un dos topics desta convocatoria está centrado na **integración segura de drones**. Esta liña temática ten como obxectivo inanciar actividades de demostración para identificar **solucións rápidas que permitan a integración segura dos drones en todo tipo de espazo aéreo**. En especial, fará fincapé naquelas aplicacións que se perciben como amplos segmentos de mercado no prazo máximo de 5-8 anos ou menos como, por exemplo, a **supervisión de largo alcance** (inspección de infraestruturas, supervisión de áreas para aplicacións agrícolas, etc.), o **movemento de carga lixeira** (para usos loxísticos, por exemplo) e a **vixilancia de longa duración**. **Aquí** podes acceder ás bases desta liña concreta.

Podes acceder á información xeral da convocatoria, así como do resto de topics, no seguinte **enlace**. O prazo de solicitude pecha o **11 de maio de 2017**.

A Civil UAVs Initiative persegue desenvolver en Galicia un **polo tecnolóxico e industrial arredor dos vehículos aéreos non tripulados** (UAVs nas súas siglas en inglés) que sitúe á nosa comunidade na vangarda do sector a nivel europeo e internacional. De feito, esta iniciativa está a impulsar o desenvolvemento dun novo sector económico de alto valor engadido en Galicia, o da aeronáutica, que presenta **oportunidades específicas para os distintos axentes do Sistema Galego de Innovación**: dende a universidade até a industria, pasando polos centros tecnolóxicos e de coñecemento.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.